



FONDO SOLIDARIO LIBROS DE TEXTO/AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS E MATERIAL ESCOLAR Curso 24/25. Orde do 7 de maio de 2024 (DOG do 20/05/2024)

Destinatarios:

1. **Fondo solidario de libros:** alumnado que se matricule en **3º e 4º E. Primaria**. O alumnado de 5º e 6º E. Primaria **non ten dereito**, xa que se usan libros de texto dixitais (E- DIXGAL, implantado no Centro).
2. **Axudas para a adquisición de libros:** alumnado que se matricule en **1º e 2º E. Primaria** con renda per cápita igual ou inferior a 6.000 € é de 240 €. Se a renda per cápita é superior a 6.000 € e inferior/igual a 10.000 €, a axuda é de 160 €.
3. **Axudas para adquisición de material escolar:** alumnado que se matricule en **toda a E. Primaria** con renda per cápita igual ou inferior a 6.000 € a contía será de 75 € e de 60 € ás familias con renda per cápita superior a 6000 € e igual ou inferior a 10.000.

Requisitos:

O alumnado debe ter devolto os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas do curso 2023/24 (está excluído desta obriga o alumnado de 1º e 2º E. Primaria e o alumnado con necesidades educativas especiais). **Próximamente recibirán información do procedemento para a devolución dos libros de texto.**

Lugar e prazo de presentación:

Na **Sede Electrónica** da Xunta de Galicia. Iniciando sesión na aplicación **Fondolibros** con Chave365 ou certificado dixital. Presencialmente, na secretaría do centro do 21 de maio ata o 21 de xuño (ambos incluídos) en horario lectivo.

Documentos que se deben de presentar:

A SOLICITUDE será **ÚNICA** para **TODOS OS FILLOS** que estean matriculados no **NOSO CENTRO docente para o curso 2024/25**. Será presentada polos pais/nais ou titores/as do alumno/a e poderá presentarse por dúas vías:

- **VÍA ELECTRÓNICA** (procedemento ED330B): utilizando os formularios dispoñibles na aplicación Fondolibros (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Poderá utilizarse calquera



dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos na sede electrónica incluíndo o sistema de usuario e Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

- **PRESENCIALMENTE NO CENTRO: Formulario de solicitude asinado polo pai/nai ou titor/a legal. (Anexo I e II).** O modelo normalizado está dispoñible na Sede Electrónica, na web do colexio ou nas dependencias do centro.
- **Identidade.** Copia do DNI ou NIE dos membros computables da unidade familiar (cando non autoricen a consulta telemática).
- **Membros computables da unidade familiar.** (acredítase mediante copia do libro de familia onde figuren todos os membros a data **31/12/2022**). Se non coincidira: sentenza de separación, carta de convivencia, informe dos servizos sociais.
- **Grao de discapacidade emitido polo órgano competente** da condición de perceptor de pensión da Seguridade Social.
- **Renda familiar,** copia da declaración ou certificado tributario (**se autorizan a consulta telemática non é necesario presentar a declaración do IRPF**).
- **Violencia de xénero,** calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007 de 27 de xullo).
- **Incapacidade Xudicial** (coa correspondente resolución).
- **Tutela ou garda da Xunta de Galicia** (Resolución xustificativa).
- **Cálculo da renda per cápita:** é a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade familiar computables (o pai, a nai, o alumno/a e irmáns solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro de 2022 ou maiores de 25 anos que teñan algún tipo de discapacidade). Os membros cunha discapacidade igual ou superior ao 33% computarán por dous membros da unidade familiar.
- **Renda familiar:** os membros da unidade familiar que presentasen declaración do imposto sobre a renda do 2022, **sumarán os recadros 435 (base imponible xeral) e 460 (base imponible do aforro)** da declaración.
- **Curso 2024/2025: Cursos ESO (actualmente 6º E. Primaria no noso Centro):** Na secretaría do Centro Escolar no que foron admitidos para o curso 2024/2025 (**IES Marqués de Sargadelos**). Do 21 de maio ao 21 de xuño (ambos incluídos).